



Fundación Educativa Jesuitas
Noroeste



CONCURSO DE CIENCIAS “BALTASAR MERINO” CURSO 2024-25

O departamento de **Ciencias do Colexio Apóstol Santiago de Vigo** convoca o concurso anual de ciencia e tecnoloxía dirixido a todo o alumnado da ESO e Bacharelato.

BASES

1- Modalidade de participación: Deseño, desenvolvemento e presentación dun proxecto de ciencias ou tecnolóxico.

Establécense dúas categorías:

- 1º, 2º, 3º da ESO.
- 4º ESO, 1º, 2º de Bacharelato.

O traballo pode realizarse de modo individual ou en equipos de ata 3 alumn@s.

2- Tema: A temática é libre, sempre que esté relacionado coa ciencia ou a tecnoloxía.

3- Formato: O alumnado participante debe crear un vídeo e presentar unha memoria.

- **Vídeo:** Debe ter un máximo de dous minutos de duración, onde se expoña en galego o traballo a presentar. O traballo pode consistir nunha maqueta, montaxe experimental, póster, presentación, demo ou calquera outro formato que se poida expor en vídeo. O vídeo debe subirse a OneDrive e [crearse un código QR](#) coa URL de acceso ao vídeo. A URL debe estar aberta para a súa visualización por calquera persoa con conta no colexio.
- A memoria, dun máximo de dúas carillas, debe incluír:
 - Código QR do vídeo (na primeira carilla)
 - Autores, Data e Título
 - Obxectivos
 - Hipóteses (se as houbese)
 - Fundamentos científicos ou tecnolóxicos
 - Procedementos
 - Material empregado e conclusións
 - Bibliografía/webgrafía utilizada

4- Entrega: A memoria, en formato pdf, debe ser enviada ao correo electrónico

dptociencias@colegioapostol.com

Aqueles participantes que no vídeo presenten un produto físico (maqueta, montaxe, póster, etc) que poida ser transportado, deberán levar o produto físico ao colexio. Nel deben aparecer os nomes, apelidos e cursos dos participantes, e o texto “Concurso de Ciencias Baltasar Merino 2025”.

5- Prazos: O derradeiro día para enviar a memoria en pdf por correo electrónico será o 21 de marzo. As memorias que sexan acompañadas por un produto físico, este deberá levarse ao colexio entre o día 19 e 26 de marzo, e será entregado a calquera dos profesores das materias de ciencias.

6- Xurado: O xurado estará composto polo profesorado do departamento de Ciencias.

7- Premios: Establécense tres premios por categoría:

- Primeiro premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 100 euros
- Segundo premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 50 euros
- Terceiro premio: bono para gastar no comercio local de Teis por valor de 25 euros.

8- Criterios de selección: O xurado valorará a orixinalidade, o rigor científico e o coidado estético do traballo presentado.

9- Fallo do xurado: Os ganadores serán informados por correo electrónico nun prazo aproximado de 2 semanas antes da entrega de premios. Os mellores traballos expoñeranse na entrada do salón de actos.

10. Entrega de premios: Celebrarase na gala de premios do Colexio Apóstol Santiago, con data a confirmar.

11. Difusión: Os traballos premiados poden ser difundidos polas redes sociais do centro.

A presentación ao concurso supón a aceptación destas bases.

Anímate e participa!

* Os traballos presentados poderán constituír un traballo de clase a criterio do profesor de cada materia de ciencias.